

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE  
FILOSOFÍA  
(CURSO ACADÉMICO 2012-2013)**

**IES A XUNQUEIRA 1 (PONTEVEDRA)**

Compoñentes do Departamento:

Sonia Soto Boullosa  
César Vallejo Palacios (Xefe do departamento)

## ÍNDICE

Composición do Departamento de filosofía .....	páx. 3
Educación para a cidadanía (2º ESO) .....	páx. 4
Educación ético-cívica (4º ESO) .....	páx. 18
Filosofía e cidadanía (1º bacharelato) .....	páx. 33
Historia da filosofía (2º bacharelato) .....	páx. 43

## COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Filosofía no curso académico 2012-2013 está composto polos profesores Sonia Soto Boullosa e César Vallejo Palacios.

O reparto por materias e grupos no Departamento é o seguinte:

	CÉSAR VALLEJO	SONIA SOTO
Educación para a cidadanía 2º ESO	2º ESO A, B, C	
Educación ético-cívica 4º ESO		4º ESO A, B, C
Filosofía e cidadanía 1º Bach.	1º Bach A, B, C, D, E	
Filosofía II 2º Bach.		2º Bach A, B, C, D, E

César Vallejo Palacios é Xefe de Departamento.

No momento da elaboración desta Programación aínda se descoñece a función da profesora Sonia Soto Boullosa, así como a composición e a ratio dos grupos, de xeito que algúns aspectos da presente Programación, como os materiais a utilizar ou os instrumentos de avaliación, poden sufrir alteracións posteriores unha vez comezado o contacto cos grupos.

# **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA**

**2º ESO**

## INTRODUCCIÓN

Educación para a Cidadanía é materia obrigatoria en 2º ESO, que conta con tres grupos no curso académico 2012-2013 e será impartida polo profesor César Vallejo Palacios.

Nas sociedades democráticas contemporáneas, a aprendizaxe do papel da cidadanía debe ser unha tarefa compartida polas familias, o sistema educativo e os medios de comunicación. Porén, a comunidade escolar debe estar preparada para asumir esta función e a responsabilidade que dela se deriva.

A Unión Europea establece como obxectivo dos sistemas educativos velar por que na comunidade escolar se promova realmente a aprendizaxe dos valores democráticos e da participación, con fin de preparar as persoas para a cidadanía activa. De acordo coas recomendacións internacionais, un dos principios que inspiran o sistema educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Este principio pon de manifesto a necesidade de incorporar, con entidade propia, unha materia que capacite o alumnado para asumir responsabilidades pola vida en común, construír pautas sociais comúns que vaian máis alá dos intereses sociais individuais e entender o exercicio da cidadanía como valor importante nas relacións humanas.

A educación para a cidadanía pretende contribuír á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúan a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades, na medida en que os seus obxectivos impregnen todas as materias da etapa e a escola sexa quen de abrirse ao medio social en que as persoas van ter que exercer o seu rol de cidadáns e cidadás, introducindo novas prácticas educativas que lles permitan a toma de contacto con situacións do medio social, que incidan na construción da súa identidade cívica.

A materia Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, que se imparte no segundo curso, estrutúrase en varios bloques que van desde o persoal e o máis próximo ao global e máis xeral; existe un conxunto de contidos comúns a todos os bloques, orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha convivencia pacífica e da cidadanía democrática.

O currículo da materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos do segundo curso presenta os contidos organizados en cinco bloques.

No **bloque 1** figuran os *contidos comúns*, que están encamiñados a desenvolver habilidades e destrezas relacionadas coa reflexión e coa participación.

O **bloque 2**, *Persoa e sociedade*, centra a reflexión nas relacións humanas, desde o respecto á dignidade persoal e á igualdade de dereitos individuais, partindo do contorno máis próximo ao alumnado.

O **bloque 3**, *Deberes e dereitos cidadáns*, ademais do coñecemento dos principios recollidos nos textos internacionais, propón a reflexión do sentido deses principios, así como a identificación de situacións de violación dos dereitos humanos e ofrece información sobre a actuación que, neses casos, corresponde ás organizacións cívicas de defensa dos dereitos humanos así como aos tribunais ordinarios e aos tribunais internacionais.

No **bloque 4**, *As sociedades democráticas do século XXI*, a partir dunha concepción de cidadanía activa, disposta a asumir responsabilidades, analízase o papel dos distintos servizos públicos administradores do ben común.

O **bloque 5**, *Cidadanía nun mundo global*, analiza algunhas características da sociedade contemporánea marcada polo proceso de globalización e interdependencia, prestando especial atención ás desigualdades e aos conflitos. Aborda tamén o papel dos principais organismos internacionais na prevención e resolución deses conflitos, así como as iniciativas para conseguir unha sociedade máis xusta e solidaria.

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

A materia Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social.
2. Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar en actividades de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
3. Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, a cooperación e o rexeitamento á violencia, aos estereotipos e os prexuízos.
4. Coñecer e valorar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o Convenio Europeo dos Dereitos e as Liberdades e a Constitución Española, identificando os valores que a fundamentan.
5. Coñecer e valorar a igualdade esencial dos seres humanos e a relación existente entre a liberdade e a responsabilidade individuais.
6. Recoñecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, valorar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre eles e rexeitar os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

7. Coñecer e apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento do Estado español e da Unión Europea, as súas institucións, normas, e os procesos político-xurídicos, os seus valores e símbolos.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.
9. Asumir o principio de correlación entre deberes e dereitos e reflexionar sobre as causas que provocan a violación dos dereitos.
10. Valorar a importancia da participación na vida política u outras formas de participación cidadá, como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
11. Coñecer nos seus termos fundamentais a Constitución Española, a Declaración dos Dereitos Humanos e o Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades. Valorar as accións encamiñadas á consecución dunha paz e seguridade fundamentadas no respecto a estes dereitos fundamentais, e a participación activa como medio para acadar un mundo máis xusto.
12. Adquirir un pensamento crítico e reflexivo, baseado nun coñecemento rigoroso e ben informado, así como valorar as razóns e os argumentos dos outros.
13. Coñecer as normas de seguridade vial e as causas e consecuencias dos accidentes de circulación.
14. Asumir a cultura do respecto á medio ambiente e uns hábitos de vida sans que lles protexan das enfermidades e das adiccións.

## **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA**

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos relaciónase directamente coa competencia social e cidadá, pero a complexidade das sociedades democráticas esixe facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas. Negarlle á cidadanía a participación no debate sobre estas cuestións, entre outras, sería contradictorio cos valores democráticos. Unha cidadanía activa debe ter capacidade de elixir, pero ser quen de elixir esixe ser quen de formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, explicitar ideas, construír argumentos, formular hipóteses, etc.

Estamos a falar de destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc.), que é

necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

En relación coa **competencia social e cidadá**, a educación para a cidadanía propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas. Contribúe así mesmo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións. Ao impulsar os vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.

O coñecemento da diversidade axuda a xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia. A sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza, permite consolidar os valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social. A práctica do diálogo axuda a afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.

Contribúese tamén á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a *Declaración universal dos dereitos humanos*, a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contidos específicos como o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporciónanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.

A educación para a cidadanía, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas. Por outra banda, o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas, require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema. Así mesmo, o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.



Os contidos da educación para a cidadanía potencian tamén o desenvolvemento da **competencia básica autonomía e iniciativa persoal**, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo. O coñecemento da contribución de distintas teorías éticas facilita a creación dun código moral propio. Por outra banda, os contidos procedementais do currículo atenden especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección. A formulación de dilemas morais, que caracterizan as materias desta área, contribúe tamén a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.

O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á **competencia en comunicación lingüística**. Debater en serio esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e, para iso, é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e competencia dixital.

A educación para a cidadanía permite tamén mellorar a **competencia cultural e artística**, porque o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**.

## CONTIDOS

### Bloque 1. Contidos comúns

- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados e capacidade para aceptar as opinións dos outros. O diálogo.
- Preparación e realización dos debates sobre aspectos relevantes da realidade.
- Análise comparativo e avaliación crítica de informacións dos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade. Feitos e opinións.

## **Bloque 2. Persoa e sociedade.**

- Autonomía persoal e relacións entre persoas. Modelos socioculturais e autoestima, xestión das emocións, desenrolo de factores de protección fronte ás enfermidades, as adicións e o consumismo.
- O carácter social do ser humano: persoa e sociedade. A familia no marco da Constitución española. O desenrolo das actitudes non violentas na convivencia diaria. A noción de cidadanía. Os criterios xurídicos da adquisición da nacionalidade española. Os valores fundamentais da Constitución española: os seus símbolos. Dereitos civís, políticos, económicos e sociais. A xustiza.
- A equidade e a solidariedade. O coidado das persoas dependentes. Axuda aos compañeiros ou persoas en situación desfavorecida.
- A participación no centro educativo.

## **Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns**

- Declaración universal dos Dereitos Humanos e outros pactos e convenios internacionais asociados, como o Convenio Internacional de Dereitos Civís e Políticos de Nacións Unidas e o Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades. A protección dos dereitos humanos fronte as súas violacións. Os tribunais internacionais. A extensión dos Dereitos Humanos: un reto do mundo actual.
- Igualdade de dereitos e diversidade. Respecto e valoración crítica das opcións persoais dos cidadáns con respecto aos límites impostos pola lexislación.
- A conquista dos dereitos das mulleres e a súa situación no mundo actual. Os dereitos laborais e a conciliación entre a vida laboral e familiar.
- Os deberes para a natureza e o medio ambiente. Xestión de dereitos e consumo eficiente. Preservación do noso patrimonio natural. A contaminación acústica.
- Os impostos e a contribución dos cidadáns. O Estado do Benestar. Nocións básicas sobre o sistema da Seguridade Social e o sistema español de pensións.

## **Bloque 4. As sociedades democráticas do século XXI.**

- O Estado do Dereito: o seu funcionamento. O modelo político español: a Constitución española e o Estado das Autonomías. A política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. O deber de transparencia na xestión pública.
- As sociedades democráticas como sociedades plurais e abertas.

- As democracias representativas. O Parlamento. A participación dos cidadáns. As eleccións. A opinión pública.
- Diversidade social e cultural. Convivencia de culturas distintas na sociedade plural dentro do marco constitucional.
- Bens comúns e servizos públicos. Os impostos e a contribución dos cidadáns ao sustento dos servizos de interese xeral.
- A dimensión económica da sociedade humana. Liberdade política e liberdade económica. O papel da iniciativa económica privada na xeración de riqueza e o fomento do espírito emprendedor. As ONG e a sociedade civil.
- Consumo racional e responsable. Recoñecemento dos dereitos e deberes dos consumidores.
- Estrutura e funcións da protección civil. Prevención e xestión dos desastres naturais e provocados.
- A circulación vial e a responsabilidade cidadán. Accidentes de circulación: causas e consecuencias.

#### **Bloque 5. Cidadanía nun mundo global.**

- Os conflitos no mundo actual. Dereito internacional humanitario.
- A loita contra o subdesenvolvemento e accións para acadar un mundo máis próspero e xusto.
- Globalización e interdependencia: o uso das tecnoloxías da información e comunicación, novas formas de relación e ocio. Dereito ao privado e respecto á propiedade intelectual.

Ademais, imos incorporar aos contidos xerais, a atención á actualidade e os contidos transversais, que serven moi ben ao obxectivo de fomentar o espírito crítico e a aprendizaxe do diálogo respectuoso.

### **TEMPORALIZACIÓN**

A distribución temporal dos contidos durante o curso será do seguinte xeito:

Os contidos relativos ao bloque 1 do currículo (Contidos comúns) trátanse ao longo do curso, xa que son un conxunto de contidos comúns a todos os bloques. Os restantes bloques están distribuídos en catro bloques.

A intención é ver o bloque 2 na primeira avaliación, o bloque tres na segunda avaliación, e o bloque 3 e 4 na terceira avaliación.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### *1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social.*

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado é quen de comezar a creación do seu propio itinerario de madurez cívica, recoñecendo a importancia das outras persoas na construción da propia identidade, respectando criticamente as diferenzas para ir máis alá dunha tolerancia pasiva baseada no relativismo ou na indiferenza, cara a unha tolerancia activa.

### *2. Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar en actividades de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e mediación para abordar os conflitos.*

Con este criterio preténdese aval Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar en actividades de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.

### *3. Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, a cooperación e o rexeitamento á violencia, aos estereotipos e os prexuízos*

Este criterio permite comprobar se os alumnos e alumnas, ante a presentación dun caso ou situación simulada ou real, recoñecen a discriminación que, por motivos diversos, sofren determinadas persoas e colectivos nas sociedades actuais e se manifestan autonomía de criterio, actitude de rexeitamento cara ás discriminacións e respecto polas diferenzas persoais.

### *4 .Coñecer e valorar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, O Convenio Europeo dos Dereitos e as Liberdades e a Constitución Española, identificando os valores que a fundamentan.*

A través deste criterio preténdese que o alumnado coñeza a existencia de dereitos morais universais, e os use como referencia no seus debates.

5. *Coñecer e valorar a igualdade esencial dos seres humanos e a relación existente entre a liberdade e a responsabilidade individuais.*

Este criterio pretende comprobar que os alumnos e alumnas adquiren a capacidade de expresar as consecuencias da súa conduta.

6. *Recoñecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, valorar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre eles e rexeitar os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.*

Este criterio avalía o grao de coñecemento das declaracións internacionais de dereitos humanos e as discriminacións que aínda sofren algúns colectivos, tanto na lexislación como na vida real e, particularmente, se describe e rexeita a discriminación de feito e, en casos, tamén de dereito que afectan ás mulleres.

7. *Coñecer e apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento do Estado español e a Unión Europea, as súas institucións , normas, e os procesos político-xurídicos, os seus valores e símbolos.*

Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado identifica os conceptos fundamentais que definen un sistema democrático (pluralismo político, parlamentarismo, representatividade...), así como os trazos fundamentais do sistema político español.

8. *Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.*

Buscamos comprobar na convivencia na aula que incorporan hábitos de conduta democrática.

9. *Adquirir un pensamento crítico e reflexivo, baseado nun coñecemento rigoroso e ben informado, así como valorar as razóns e os argumentos dos outros* .

Trátase de adquirir o hábito de debater aportando ideas que teñan base na experiencia o aprendizaxe propio ou alleo, e seren capaz de escoitar aos compañeiros.

*10. Coñecer as normas de seguridade vial e as causas e consecuencias dos accidentes de circulación.*

O alumnado debe coñecer as normas básicas de seguridade vial, facendo fincapé na conduta dos peóns, e as consecuencias dos accidentes de tráfico.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Cada alumno e alumna deberá ser quen de coñecer os conceptos, vocabulario e información básica desenvolta en cada un dos bloques temáticos da materia: Persoa e sociedade, Deberes e dereitos cidadáns, As sociedades democráticas de século XXI e Cidadanía nun mundo global. Asemade, deberá observarse un progreso na súa capacidade de reflexión argumentada, análise crítico da información, adecuada expresión oral e escrita das ideas propia do seu nivel e capacidade para participar en diálogos respectando outras opinións e turnos de palabra.

É obriga de cada alumno e alumna traer o material (follas de actividades ditadas e fotocopiadas ) á clase e realizar as tarefas que se lle asignen tanto na clase como na casa.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

O alumnado presentará un “Diario” cada avaliación. Para acadar a cualificación de 5, terá que ter feitas todas as actividades e recollida toda a información ditada e explicada. Ademais, a presentación será axeitada.

Para acadar a cualificación de 6 a 10, o alumno/a poderá:

- Recoller explicacións e debates
- Expoñer opinións argumentadas
- Presentar ampliacións aos temas tratados
- Ser creativo/a na presentación

Ademais haberá una nota en cada avaliación de -1 a 1 (a engadir ou restar da nota do Diario), que nacerá da actitude na aula e os progresos nos contidos comúns.

Asemade o alumnado realizará un traballo anual por grupos que exporá ao resto dos compañeiros/as. Este traballo terá a cualificación de -1 a 1 que se engadirá ou restará á nota final (que xurde da media das tres avaliacións).

## **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN**

Se o alumno/a suspende unha avaliación coa nota de 3 ou menos, haberá de repetir o Diario correspondente. Se o alumno suspende con 4 poderá compensar esa nota coa nota das outras avaliacións.

No caso de suspenso na nota final, o alumno terá que presentar en setembro, os diarios das avaliacións suspensas.

## **TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

Para a necesaria contribución dende todas as materias ao fomento da lectura adicarase un tempo en cada clase á lectura de anacos do libro, textos ou artigos de xornal que sexan utilizados como material didáctico, así mesmo as propias composicións e actividades relacionadas cos contidos da materia que o alumnado realizará como parte do seu traballo tamén serán obxecto de lectura na aula. Procurarase que cada estudante lea en voz alta a fin de mellorar esta práctica. Cada lectura irá seguida dunhas preguntas de comprensión.

## **TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

Como contribución ao fomento das TIC, o profesor fará referencia a páxinas web onde o alumnado pode ampliar a información sobre certos temas de actualidade, asociacións, iniciativas, etc que poden aparecer só citados na aula e fomentará o uso de internet como canle de coñecemento e como fonte de información para realizar traballos voluntarios de temas suxeridos polos profesor e que teñan relación coa Educación para a cidadanía.

Igualmente farase uso dos medios audiovisuais como material didáctico de traballo da materia xa que a imaxe é unha das mellores canles para chegar ao alumnado e expresar e facer comprender os problemas da sociedade.

## **PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

### **A) CONTIDOS ESIXIBLES**

Cada alumno e alumna deberá ser quen de coñecer os conceptos, vocabulario e información básica desenvolta en cada un dos bloques temáticos da materia: Relacións interpersoais, convivencia e participación, deberes e dereitos cidadáns, democracia e cidadanía e a globalización. Para acadar eses contidos mínimos, o departamento fornecerá ao alumnado coa

materia pendente dunha serie de actividades enfocadas na información e os contidos máis importantes de cada tema, tomando como referencia o material empregado no curso anterior.

#### B) PROGRAMA DE REFORZO

Ao comezo do curso serán convocados os alumnos e alumnas que tivesen a materia pendente e presentarásenlle unha serie de actividades que deben realizar e entregar aos profesores do Departamento. As devanditas actividades consistirán nunha serie de preguntas de repaso de conceptos, de reflexión sobre problemas prácticos e algún traballo de busca de información en prensa ou internet dalgún tema relacionado coa materia.

#### C) ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Realizarase un seguimento do traballo feito polo alumnado das actividades entregadas ao principio do curso. Ese traballo será avaliado así como tamén o resultado de dous exames durante o segundo e terceiro trimestre nos que se dividirán os contidos da materia. As actividades suporán o 30% da nota e os exames o 70% restante. En caso de non superar estas probas farase un último e único exame nas datas que indique a dirección do centro.

#### D) CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE POLA AVALIACIÓN CONTÍNUA

Ningún alumno ou alumna volve ter esta materia en cursos posteriores a 2º da ESO polo cal non procede que supere a materia pendente a través dunha avaliación contínua.

### **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A educación para a cidadanía ten un dobre carácter: por unha parte é unha materia cunha intención eminentemente práctica: lograr que o alumnado adquira a competencia necesaria para vivir en sociedade conforme a unhas regras e códigos aceptados racionalmente e integrados na súa actividade cotiá. Pero, por outra parte, tamén se persegue a aprendizaxe de determinados valores e regras sociais, que constitúen a esencia das sociedades democráticas. Estas dúas competencias, unha de carácter práctico e outra de carácter cognitivo, son indisociables.

Por estas consideracións, pretendemos aplicar unha metodoloxía que vincule os obxectivos da aprendizaxe de normas sempre a través da súa aplicación práctica cun nivel actitudinal. A exposición, por conseguinte, de teorías, normas ou proxectos cívicos, éticos ou políticos, deberá ir sempre engarzada cunha actividade de carácter práctico.

En consecuencia, a metodoloxía didáctica a utilizar pretende ser activa e comprensiva máis que memorística, buscando a motivación do alumnado partindo dos seus coñecementos previos.



## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Debido á crise económica cada vez máis familias están a pasar por graves dificultades para financiar a “volta ao cole”. É por iso que, este ano, non vamos a esixir a compra dun libro de texto.

Usaremos fotocopias en color procedentes de diversos materiais (entre eles os únicos libros de texto adaptados á nova lexislación a día de hoxe que son Ed. Xerais, Anaya e SM), e estaremos atentos á saída dos textos doutras editoriais. E por suposto usaremos diversos materiais audiovisuais ao servizo dos obxectivos didácticos.

## **PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS**

Os temas transversais están inseridos na propia materia e terán unha atención preferente ao longo do curso, como xa dixemos na presentación dos Contidos

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os materiais que se empregarán e a propia metodoloxía son compatibles coa atención á diversidade xa que se han de adaptar a cada alumno/a e ao seu nivel de coñecemento e comprensión. Con todo, insistimos na dificultade dunha atención máis individualizada debido á elevada ratio de alumnado por aula.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Non está prevista neste momento a realización de actividades complementarias o extra escolares; no caso de levarse a cabo quedará reflectida nas memorias do Departamento.

# **EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA**

**4º ESO**

## INTRODUCCIÓN

A materia de Educación ético-cívica, obrigatoria en 4º ESO, completa a Educación para a cidadanía de 2º ESO. No presente curso académico haberá 3 grupos deste nivel, de arredor de 25 alumnos e alumnas cada un deles.

Esta materia estrutúrase en varios bloques que van desde o persoal e o máis próximo ao global e máis xeral; existe un conxunto de contidos comúns a todos os bloques, orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha convivencia pacífica e da cidadanía democrática.

Xa que logo, o currículo da materia de Ética e Educación para a Cidadanía de cuarto curso presenta os contidos organizados en sete bloques que van do máis próximo ao máis xeral.

No **bloque 1** figuran os *contidos comúns* a todos os bloques, orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas, fundamentalmente saber problematizar as cuestións, conceptualizar as nocións e argumentar racionalmente as teses.

O **bloque 2**, *Identidade e alteridade*, céntrase na reflexión en torno á construción da identidade da persoa, a liberdade e a responsabilidade (individual e colectiva), con particular atención á xestión dos sentimentos e emocións.

No **bloque 3**, *Teorías éticas. As exixencias da xustiza e os dereitos humanos*, inclúese a análise das grandes liñas de reflexión ética que máis influíron na conquista dos dereitos e liberdades e, particularmente, o referente ético que representan as diferentes formulacións dos dereitos humanos.

O **bloque 4**, *Democracia e participación. As institucións democráticas*, céntrase na análise dos fundamentos éticos e xurídicos do noso sistema político democrático e o funcionamento das principais institucións democráticas.

O **bloque 5**, *A igualdade entre homes e mulleres*, abórdase como bloque con entidade propia para posibilitar a reflexión sobre a loita das mulleres polo recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades, do papel de suxeitos históricos e de cidadanía e o rexeitamento de todas as formas de discriminación que, de feito, aínda sofren.

No **bloque 6**, *Multiculturalismo e interculturalismo*, analízanse os problemas éticos xerados nas comunidades políticas polo debate do multiculturalismo, desde a perspectiva do rexeitamento ás discriminacións, o respecto ás culturas e o diálogo intercultural.

O **bloque 7**, *Cidadanía global e democracia*, aborda desde a perspectiva dos dereitos humanos, os grandes problemas morais xerados pola intensificación do proceso de globalización no ámbito social, cultural, económico e político, valorando o compromiso por unha globalización ética, da xustiza e da solidariedade.

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

A materia de Ética e Educación para a Cidadanía terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais, respectando as diferenzas coas outras persoas e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións coas outras persoas, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos, rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá

ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.

10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.
14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.
15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

## **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA**

A Ética e Educación para a Cidadanía relaciónase directamente coa competencia social e cidadá, pero a complexidade das sociedades democráticas esixe facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas. Negarlle á cidadanía a participación no debate sobre estas cuestións, entre outras, sería contraditorio cos valores

democráticos. Unha cidadanía activa debe ter capacidade de elixir, pero ser quen de elixir esixe ser quen de formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, explicitar ideas, construír argumentos, formular hipóteses, etc.

Estamos a falar de destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc.), que é necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

En relación coa **competencia social e cidadá**, a educación para a cidadanía propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas. Contribúe así mesmo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións. Ao impulsar os vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.

O coñecemento da diversidade axuda a xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia. A sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza permite consolidar os valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social. A práctica do diálogo axuda a afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.

Contribúese tamén á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a *Declaración universal dos dereitos humanos*, a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contidos específicos como o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.

A educación para a cidadanía, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas. Por outra banda, o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras

persoas require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema. Así mesmo, o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Os contidos da educación para a cidadanía potencian tamén o desenvolvemento da **competencia básica autonomía e iniciativa persoal**, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo. O coñecemento da contribución de distintas teorías éticas facilita a creación dun código moral propio. Por outra banda, os contidos procedementais do currículo atenden especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección. A formulación de dilemas morais, que caracterizan as materias desta área, contribúe tamén a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.

O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á **competencia en comunicación lingüística**. Debater en serio esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e, para iso, é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a **competencia tratamento da información e competencia dixital**.

A educación para a cidadanía permite tamén mellorar a **competencia cultural e artística**, porque o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao **desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**.

## CONTIDOS

### Bloque 1. Contidos comúns

- Elaboración, exposición e discusión sobre textos e cuestionarios con problemáticas reais referidas aos dereitos humanos para desenvolver unha consciencia crítica atenta aos desafíos do presente e asumindo unha responsabilidade ética polo futuro.
- Adquisición de informacións contrastadas e relevantes para a comprensión dos problemas e dos desafíos da sociedade contemporánea, mediante análise comparativa e avaliación crítica das informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Recoñecemento dos sentimentos propios e alleos e respecto polas conviccións e actitudes dos outros, polos seus sentimentos, ideas e comportamentos compatibles co respecto aos dereitos fundamentais.
- Interese por coñecer as posicións e as razóns dos que pensan de modo distinto. Recolleita de información sobre temas de convivencia. Elaboracións de preguntas para a participación en debates sobre temas previamente pactados, con intervencións que sigan as pautas de respecto e normas moderadoras. Elaboración de conclusións.
- Recoñecemento das inxustizas e as desigualdades. Interese pola busca e práctica de formas de vida máis xustas e participación en proxectos que impliquen actitudes de solidariedade na vida comunitaria, dentro e fóra do centro educativo, asumindo o exercicio da cidadanía.

## **Bloque 2. Identidade e alteridade**

- Recoñecemento da persoa como suxeito moral e asunción dos compoñentes individuais e colectivos na construción da identidade e no comportamento moral.
- Recoñecemento, valoración e respecto pola dignidade da persoa.
- Asunción da diversidade e rexeitamento de prexuízos baseados en estereotipos que supoñan calquera forma de discriminación.
- Coñecemento, expresión e autocontrol dos propios sentimentos e emocións e rexeitamento da violencia como solución aos conflitos nas relacións interpersoais.
- Asunción de responsabilidades, individuais e colectivas, no exercicio da liberdade na toma de decisións morais.

## **Bloque 3. Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos**

- Análise dos elementos individuais e do contexto sociocultural que poden condicionar os diferentes sistemas de valores. Subxectivismo, relativismo e pluralismo.
- Coñecemento das principais teorías éticas que máis teñen contribuído á conquista de dereitos e liberdades, desde a perspectiva da felicidade e a perspectiva da xustiza.



- Consideración das dimensións ética, xurídica e política dos dereitos humanos. Valoración dos dereitos humanos como existencia mínima de xustiza.
- Identificación das principais etapas na conquista dos dereitos humanos e valoración das novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos).
- Implicación na defensa efectiva dos dereitos humanos. Identificación e rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.
- Avaliación da discriminación positiva desde a perspectiva das esixencias da xustiza e a igualdade de dereitos e oportunidades.

#### **Bloque 4. Democracia e participación. As institucións democráticas**

- Conceptualización da noción de democracia.
- Valoración da importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas. Distinción entre formas de participación non institucionalizada e a participación política institucionalizada. Valoración da formación da opinión, de acordo con algún tipo de deliberación, para unha a participación responsable. Distinción entre democracia representativa e democracia deliberativa.
- Aproximación ao sistema político español. Identificación das principais institucións democráticas e recoñecemento dos principios do funcionamento democrático.
- Identificación da liberdade, a xustiza e a igualdade como valores en que se fundamenta a democracia. Valoración da democracia como conquista ética.
- Recoñecemento do Estado democrático de dereito como marco formal para a realización dos ideais éticos.
- Identificación dos valores constitucionais, coñecemento dos dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia e da regulación do seu exercicio.

#### **Bloque 5. A igualdade entre homes e mulleres**

- Coñecemento da loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e o seu recoñecemento como suxeitos históricos, de dereitos e de cidadanía. Distinción entre igualdade de dereitos e igualdade de feito, e exemplificación e toma de conciencia de situacións en que a igualdade de dereitos non se traduce en igualdade de feito.
- Análise das causas e factores da discriminación das mulleres. Planificación de alternativas a situacións, reais ou simuladas, de discriminación.

- Rexeitamento da violencia de xénero. Recompilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.

### **Bloque 6. Multiculturalismo e interculturalismo**

- Identificación e respecto polas diferenzas sociais e culturais e valoración das súas manifestacións en actitudes, costumes e formas de vida distintas á propia, como enriquecedoras da convivencia nunha sociedade plural.
- Análise das posicións máis frecuentes ante o multiculturalismo e reflexión sobre os problemas éticos que delas se derivan: etnocentrismo e discriminación, problemas éticos do relativismo cultural.
- Valoración do interculturalismo como proxecto ético e político e reflexión sobre os valores mínimos dunha ética cívica.

### **Bloque 7. Cidadanía global e democracia**

- Toma de conciencia da nova orde global e identificación dos procesos que contribúen á súa formación: a integración dos mercados e do espazo político e social.
- Identificación dos recursos básicos do poder dos medios de comunicación (a selección das novas, a linguaxe da publicidade...) e a súa incidencia na construción da realidade e nas nosas decisións e opinións.
- Recoñecemento da crise do estado-nación e valoración da globalización económica e a fragmentación da autoridade política como risco para a protección efectiva dos dereitos civís, económicos e sociais. Información sobre os movementos comprometidos na defensa dos dereitos humanos e recoñecemento do seu labor.
- Identificación dos medios e iniciativas, tanto individuais coma colectivos para procurar un desenvolvemento humano sustentable.
- Recoñecemento da pertenza a unha cidadanía global e identificación e valoración dos procesos que poderían contribuír a unha globalización ética.

### **TEMPORALIZACIÓN**

A distribución temporal dos contidos ao longo do curso será a seguinte:

O bloque 1 no que figuran os contidos comúns orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas será tratado durante todo o curso xa que eses contidos son comúns a todos os bloques.

No primeiro trimestre desenvolveranse os bloques 2 ( Identidade e alteridade) e 3 (Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos).

No segundo trimestre desenvolveranse os bloques 4 (Democracia e participación) e 5 (A igualdade entre homes e mulleres).

No último trimestre desenvolveranse os bloques 6 (Multiculturalismo e interculturalismo) e 7 (Cidadanía global e democracia)

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. *Recoñecer os sentimentos nas relacións interpersoais e practicar o diálogo nas situacións de conflito. Razoar sobre as motivacións das condutas e eleccións, asumindo as responsabilidades que delas se derivan.*

Con este criterio inténtase comprobar que o alumnado identifica e recoñece os seus propios sentimentos, que é quen de poñerse no lugar das outras persoas e utiliza o diálogo para superar os conflitos nas súas relacións interpersoais, que razoa as súas eleccións, que identifica aquelas cousas de que é directamente responsable e aquelas en que comparte algunha clase de responsabilidade colectiva e asume axeitadamente a responsabilidade dos seus actos.

2. *Identificar os eixos sobre os cales se constrúe a identidade persoal.*

Mediante este criterio inténtase comprobar se as alumnas e os alumnos entenden e aceptan a propia identidade como algo construído e non dado, que é posible redefinir. Trátase tamén de avaliar se é quen de respectar criticamente outras eleccións que configuran outras identidades, mediante o exercicio dunha tolerancia activa.

3. *Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas, recoñecer distintos sistemas de valores e identificar dilemas morais que teñen a súa orixe na aplicación de diferentes paradigmas de valoración.*

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado identifica os distintos trazos que caracterizan a dimensión moral das persoas, aqueles que condicionan o comportamento humano (as normas, a xerarquía de valores, os costumes, etc.) e se recoñece distintos paradigmas de valoración na orixe dos dilemas morais que se formulan no mundo actual.

4. *Mediante a formulación de dilemas morais sobre cuestións de actualidade, identificar os problemas éticos xerados desde diversas posicións morais e propoñer estratexias para a súa resolución.*

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica as posicións morais que están na orixe de determinados debates éticos do mundo actual. Así mesmo, trátase de valorar se comprende a eficacia do diálogo, fronte ás posturas que o rexeitan por imposible (dogmatismo) ou por innecesario (relativismo) e se presentan unha actitude de tolerancia

activa, fronte á intolerancia ou a mera tolerancia pasiva baseada no relativismo ou na indiferenza.

5. *Identificar e explicar axeitadamente as principais teorías éticas.*

Mediante este criterio inténtase avaliar o coñecemento dos núcleos conceptuais clave dalgúns dos sistemas éticos occidentais que máis influíron coas súas contribucións conceptuais e coa súa práctica social á conquista e recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas. Tamén permite valorar a capacidade do alumnado para enxuizar, a partir das teorías estudadas, determinadas condutas e situacións da súa vida cotiá.

6. *Recoñecer e distinguir as dimensións ética, xurídica e política dos dereitos humanos. Valorar os dereitos humanos como principal referencia ética, en tanto que esixencia mínima de xustiza, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o respecto destes. Identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais e avaliar as novas reivindicacións en materia de dereitos humanos.*

A través deste criterio trátase de comprobar o grao de comprensión dos conceptos claves dos dereitos humanos e a súa valoración crítica do esforzo que supuxo na historia da humanidade.

7. *Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identificar os valores e principios morais en que se sustenta.*

Mediante este criterio preténdese avaliar no alumnado o coñecemento dos procesos de democratización de moitos países, en concreto España, como unha conquista ético-política, se comprende o pluralismo político e moral á vez que coñece os conceptos clave do sistema democrático, como o sistema de eleccións, o pluralismo político, o goberno da maioría e se recoñece algo valioso nos procesos democráticos en si mesmos á marxe da súa capacidade para lograr o ben común.

8. *Valorar de forma argumentada, a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión, de acordo con algún tipo de deliberación, para unha participación responsable.*

Con este criterio trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos son quen de distinguir entre formas de participación política institucionalizada e non institucionalizada, valorar a importancia da participación cidadá para o funcionamento dos sistemas democráticos e da formación de opinión de acordo con algún tipo de deliberación, fronte ao seguimento acrítico da opinión difundida polos medios de comunicación, así como a responsabilidade dos poderes públicos de cara á cidadanía.

9. *Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación e identificar solucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas.*

Trátase de comprobar se o alumnado identifica e comprende algunhas das causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual (repartición desigual da riqueza, explotación infantil, emigracións forzadas, etc.), utilizando con precisión e de forma crítica a información obtida dos distintos medios de comunicación, se reconece a actuación de organismos e institucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas e se manifesta actitudes de tolerancia e solidariedade ao achegar solucións.

10. *Analizar o camiño percorrido ata o recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e poñer de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista de que son vítimas.*

Este criterio pretende coñecer se as alumnas e os alumnos reconecen a igualdade e a dignidade de todas as persoas e os elementos diferenciadores que están na base dalgunhas discriminacións, se identifican as súas contribucións aos diferentes campos do saber e o coidado dos seres humanos, así como os momentos históricos máis relevantes na conquista dos dereitos políticos das mulleres e a igualdade no ámbito familiar e laboral, á vez que permite indagar se saben identificar e localizar as situacións de discriminación que aínda sofren nas sociedades actuais e rexeitan activamente a violencia contra as mulleres.

11. *Xustificar as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.*

Mediante este criterio preténdese avaliar o uso axeitado da argumentación sobre dilemas e conflitos morais, se son quen de desvelar os supostos de partida nas propias posicións e nas das outras persoas, de soste un punto de vista propio, de descubrir incoherencias nos procesos de razoamento e esixir claridade, precisión e pertinencia na argumentación, pero tamén o respecto ás posicións diverxentes dos interlocutores, tanto na aula coma no ámbito familiar e social.

Por outra parte, trátase de coñecer a maneira e o grao en que as alumnas e os alumnos participan e cooperan activamente no traballo de grupo e se colaboran co profesorado e as compañeiras e compañeiros nas actividades do centro educativo e noutros ámbitos externos.

12. *Recoñecerse membros dunha cidadanía global e comprender a necesidade de compartir uns mínimos morais posibilitadores da convivencia.*

Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para concibir e implicarse na construción dun futuro mellor. Pretende comprobar se é quen de situarse nunha perspectiva

intercultural, asumindo a natureza pluralista da nosa sociedade, valorando positivamente as diferenzas culturais, recoñecendo o diálogo entre as culturas como unha posibilidade de enriquecemento mutuo e como o camiño para lograr unha verdadeira integración, así como o establecemento duns valores mínimos compartidos. Trátase, en definitiva, de comprobar se no seu papel de cidadáns e cidadás teñen por referentes os cidadáns e cidadás do mundo.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

O alumnado deberá ser de coñecer e empregar correctamente en diferentes contextos os conceptos, vocabulario e información básica desenvolta en cada un dos bloques temáticos da materia: identidade e alteridade, principais teorías éticas e dereitos humanos, democracia e institucións democráticas, igualdade de xénero, multiculturalismo e interculturalismo e globalización. Asemade, deberá observarse que acadou o dominio dos procedementos e actitudes básicas que se pretenden desenvolver a través da materia: uso correcto da linguaxe tanto oral como escrita adaptada ao seu nivel, participación en debates expresando as opinións de forma argumetada, respecto polas persoas e ideas diferentes, sentido crítico e da responsabilidade.

É obriga de cada alumno e alumna traer o material (fotocopias, fichas e caderno) á clase e realizar as tarefas que se lle asignen tanto na clase como na casa.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

O traballo desenvolto ao longo de cada trimestre terá un peso do 25% no total da nota de cada alumno e alumna, nesta nota incluírase a actitude e participación, mentres que a nota da proba realizada en cada avaliación suporá o restante 75%.

O caderno deberá estar limpo, ordenado e coas actividades completas e corrixidas. Nos exames valoranse as respostas coherentes, ordenadas, argumentadas, o uso axeitado da información, conceptos e vocabulario propio da materia así como a expresión, neste sentido as faltas de ortografía descontan puntos ( a partir da 2ª falta devalúan 0,25 puntos por cada 2 faltas).

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Ademais da observación semanal nas clases do traballo, da actitude, dos procedementos e a participación do alumnado na aula ao longo de cada trimestre, realizarase un exame que constará de preguntas sobre os contidos impartidos e actividades semellantes ás realizadas na clase. Na devandita proba valorarase a expresión, comprensión e aprendizaxe dos contidos impartidos nese trimestre, así como a correcta utilización de conceptos éticos e da capacidade de argumentación.

O alumnado que non supere esta proba terá que facer unha recuperación despois de cada avaliación.

Como instrumento de avaliación, a profesora revisará tamén o caderno de clase no que debe constar o traballo realizado ao longo do trimestre en clase e en casa e que servirá para avaliar ese traballo diario e decidir a nota final na proporción que se indica no anterior apartado desta programación.

En xuño, haberá unha última recuperación para aquelas persoas que non superasen algunha das avaliacións. A esa recuperación só terá acceso o alumnado que non teña suspensas as tres avaliacións despois de ter realizado as recuperacións pertinentes despois de cada avaliación ao longo do curso.

Contodo, a avaliación non se realizará só sobre a aprendizaxe do alumnado senón tamén sobre o propio proceso de ensino. Con esta finalidade, os resultados acadados polo alumnado serán tamén analizados como unha medida do propio proceso de ensino e da adecuación do método seguido. Ao finalizar o curso, o alumnado cubrirá, de forma anónima, un cuestionario sobre diversos aspectos da materia que poden axudar para mellorar o ensino da mesma.

### **TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

Para a necesaria contribución dende todas as materias ao fomento da lectura adicarase un tempo en cada clase á lectura do material co que se estea a traballar, cando coincida que sexan textos, fichas explicativas, artigos de xornal, etc , así mesmo as propias composicións e actividades relacionadas cos contidos da materia que o alumnado realizará como parte do seu traballo tamén serán obxecto de lectura na aula. Procurarase que cada estudante lea en voz alta a fin de mellorar esta práctica.

### **TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

Como contribución ao fomento das TIC, a profesora fará referencia a páxinas web onde o alumnado pode ampliar a información sobre certos temas de actualidade, asociacións, iniciativas, etc que poden aparecer só citados na aula e fomentará o uso de internet como canle de coñecemento e como fonte de información especialmente de temas prácticos e de actualidade que teñen relación coa Educación ético-cívica.

### **PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Ao ser impartidas esta materia en 4º ESO, curso final de etapa **non procede** realizar ningún plan de traballo para superación da materia pendente posto que ningún estudante terá esta materia pendente, xa que ou titulan ou non titulan e repiten todo o curso.

## **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A Educación ético-cívica ten un dobre carácter xa que, por unha parte, é unha materia cunha intención eminentemente práctica: lograr que o alumnado adquira a competencia necesaria para vivir en sociedade, é dicir, que adquira civismo, pero, por outra parte, tamén se persegue a aprendizaxe de determinados valores e regras sociais, conceptos e nocións éticas de carácter teórico. Estas dúas competencias, unha de carácter práctico e outra de carácter cognitivo, son indisolubles e, en consecuencia, a metodoloxía debe combinar ambas de xeito que a exposición de teorías, normas ou proxectos cívicos, éticos ou políticos, deberá ir sempre engarzada cunha actividade de carácter práctico e procurar partir sempre dos coñecementos previos do alumnado e dunha análise da realidade na que viven a fin de mostrar o sentido práctico do que están a estudar.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Na materia de Educación ético-cívica non se empregará libro de texto. O alumnado disporá dunha serie de fichas que lle serán fornecidas pola profesora e que versarán sobre os contidos do programa, actividades sobre eses contidos, artigos de actualidade, fragmentos de películas, etc.

É obrigado que todo o alumnado dispoña dun caderno da materia onde deberá realizar todas as tarefas que se lle encomenden e que servirá para facer un seguimento do seu traballo semanal.

## **PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS**

Os temas transversais atópanse de xeito obvio entre os obxectivos e contidos da presente materia xa que nela abórdanse de maneira prioritaria temas como a igualdade de xénero, a educación para a paz e a convivencia ou a importancia e o coidado do medio. En consecuencia, os temas transversais están inseridos na propia materia e terán unha atención preferente ao longo do curso.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os materiais que se empregan e a propia metodoloxía xa supoñen unha atención á diversidade ao presentar diferentes graos de dificultade e poder adaptarse ás necesidades educativas concretas do alumnado. Para os contidos máis teóricos realizaranse fichas máis adaptadas para aquel alumnado que presente especiais dificultades de comprensión.



# **FILOSOFÍA E CIDADANÍA**

## **1º BACHARELATO**

## **INTRODUCCIÓN**

Filosofía e cidadanía é materia común e obrigada en 1º de Bacharelato. O presente curso será impartida nos 5 grupos dese nivel, nas modalidades de científico-tecnolóxico (2 grupos), humanidades e ciencias sociais (1 grupo) e artístico (2 grupos), polo profesor César Vallejo.

Segundo a disposición ordenadora básica establece, a materia de Filosofía e cidadanía configúrase a partir dunha dobre motivación: por unha parte, pretende ser unha introdución á filosofía e ao estilo de reflexión que esta comporta; por outra, propónse culminar a educación para a cidadanía que se desenvolveu ao longo da ensinanza secundaria obrigatoria. Pero a conxunción deste dobre propósito non debe ser interpretada como unha incoherencia ou perigo de escisión dentro dos contidos desta materia, senón máis ben ao contrario, pois o afondamento na dimensión ética do concepto de cidadanía e a necesidade de clarificar as súas bases e proxeccións filosóficas remítenos dun xeito natural á clarificación do concepto mesmo de filosofía e das súas funcións e problemas básicos. Agora ben, esta clarificación do papel e funcións da filosofía remite, pola súa vez, a unha certa investigación antropolóxica previa, desde a cal -e a partir da cal- se comprende a necesidade humana de filosofar.

O concepto de cidadanía sitúase no centro mesmo da filosofía e a antropoloxía, e dende esta centralidade téntase dar unidade e coherencia ao currículo desta materia. A ordenación lineal con que se presenta a secuencia destes contidos -desde o núcleo temático segundo ata o final- responde a este enfoque con independencia de que o tratamento e distribución didáctica nas aulas se leve a cabo por esta orde ou non.

Na disposición base establécese un primeiro núcleo temático con contidos comúns, cun evidente carácter transversal. Segundo se establece nesta mesma disposición a súa finalidade é o desenvolvemento de destrezas intelectuais básicas, ineludibles en calquera caso para a práctica da reflexión filosófica. Deberán marcar e impregnar, polo tanto, a organización da práctica docente do conxunto do currículo.

Nesta mesma disposición establécese tamén o dobre carácter, terminal e propedéutico ou de iniciación, desta materia. Terminal porque culmina o proceso de educación para a cidadanía. Propedéutico porque achega por primeira vez un catálogo de problemas filosóficos básicos nos que se afondará; e esta iniciación deberá preparar para un posterior desenvolvemento en maior amplitude e profundidade -e en perspectiva diacrónica- destas e doutras problemáticas filosóficas, tal como se propón na materia de Historia da filosofía do curso seguinte. O equilibrio entre estas dúas finalidades deberá ser preservado nos desenvolvementos didácticos concretos que se fagan nas aulas.

## **OBXECTIVOS XERAIS E OBXECTIVOS DE FILOSOFÍA E CIDADANÍA**

O normativa básica establece que o obxectivo das materias comúns do Bacharelato é o de afondar na formación xeral do alumnado, aumentar a súa madurez intelectual e humana e avanzar naquelas competencias que favorezan a aprendizaxe ao longo da vida.

Para a materia de Filosofía e Cidadanía establécense como obxectivos:

- Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/ sociedade.
- Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
- Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico.
- Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
- Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
- Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
- Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
- Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
- Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
- Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
- Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
- Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
- Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.
- Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
- Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.

- Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

## **CONTIDOS**

### **1) Contidos comúns**

- Tratamento e análise crítica da información pertinente para os problemas tratados, que se obterá por diferentes medios, incluídas as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Análises e comentarios de textos filosóficos, así como outros de tipo científico, literario, xurídico, político, sociolóxico, artístico, etc. que permitan comprender e afondar nos problemas tratados.
- Práctica da reflexión, debate e argumentación dialóxica rigorosa e coherente, impregando os esquemas e procedementos achegados pola lóxica e a teoría da argumentación, mantendo actitudes respectuosas coas persoas discrepantes.
- Exercicios de transferencia das nocións adquiridas a situacións do contorno e á vida real.
- Uso dun vocabulario técnico e filosófico axeitado de carácter básico, tanto nas análises de textos coma nos debates e exposicións orais e escritas.

### **2) O ser humano: configuración e dimensións**

- O dobre proceso de evolución biolóxica e cultural: hominización e humanización.
- A dialéctica entre natureza e cultura e as diferentes concepcións do ser humano a que dá lugar.
- O ser humano como animal social. Sociabilidade humana e animal, dialéctica entre persoa e sociedade.
- O ser humano como animal simbólico: a produción e circulación dos símbolos.

### **3) O saber filosófico: sentido e finalidade**

- O saber filosófico: nacemento da filosofía
- Características do saber filosófico e distinción da actitude mítica, científica e relixiosa
- As funcións da actividade filosófica
- A filosofía na historia.
- A racionalidade científica e a súa demarcación.
- A dimensión práctica da racionalidade filosófica: a busca de directrices para a acción a través da ética e a filosofía política.
- Preguntas e problemas fundamentais da filosofía.

### **4) Da filosofía moral á filosofía política**

- Os fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade.
- O tránsito da heteronomía á autonomía moral.

- As teorías éticas ante os retos da sociedade actual: felicidade e xustiza. Proxectos éticos contemporáneos.

- A idea de cidadanía: xénese histórica e fundamentación filosófica.

### **5) Estado, cidadanía e democracia**

- A política. Diferentes formas de dominación política

- O Estado: orixe e lexitimidade do poder político.

- Os dereitos humanos e a súa positivización constitucional por parte do Estado. Límites teóricos e prácticos dos dereitos humanos.

- Fundamentos filosóficos do Estado democrático e de dereito: a lexitimidade legal democrática.

- O fenómeno da globalización, e as súas consecuencias para o ser humano contemporáneo.

- Os retos no mundo globalizado e intercomunicado actual: dinámicas de afirmación da identidade e desigualdade.

- O concepto da cidadanía cosmopolita: os seus límites e os seus críticos

-Limitacións ao principio de igualdade e a súa realización efectiva.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios que se establecen a continuación están orientados a comprobar o grao de consecución, por parte do alumnado, dos obxectivos –conceptuais e procedementais, relativos aos contidos recollidos no bloque 1- prescritos no currículo. Estes criterios concrétanse metodoloxicamente no desenvolvemento de seis tipos de acción diferentes desde as que se deberá observar o grao de consecución dos citados obxectivos. Agora ben, tanto o proceso de aprendizaxe como as accións nas que este se pon de manifesto, son sempre complexas; de aí que cada criterio deba ser tomado como un complemento dos outros, como unha perspectiva desde a que completar todo o proceso de avaliación da aprendizaxe.

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático. Con este criterio preténdese comprobar a capacidade para incorporar, procesar e integrar a información, así como avaliar o grao de autonomía que se vai adquirindo ao longo do proceso de aprendizaxe.

2. Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvoltos en cada un dos bloques temáticos específicos.

Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas e teorías analizadas e o grao de coñecemento, asimilación e dominio das nocións e conceptos adquiridos sobre eles.

3. Ler, analizar e comentar, tanto oralmente como por escrito, textos referidos ás nocións e problemas abordados.

Trátase de verificar con este criterio a capacidade para identificar nas fontes e formulacións orixinais os problemas e nocións adquiridos en diferentes momentos do proceso de aprendizaxe, así como avaliar o grao de competencia lectora e doutras destrezas intelectuais básicas como a capacidade de análise (ideas principais/secundarias, supostos/conclusións), síntese (esquemas, mapas conceptuais),

estruturación e distribución do discurso, etc.

4. Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertibles suscitadas por certos temas, fundamentalmente os éticos e políticos.

Con este criterio poderase avaliar a capacidade para facer avances nos procesos de axuste, precisión e flexibilización dos conceptos ao longo do proceso discursivo, así como avaliar o grao de destreza e coherencia argumentativa mantendo o respecto ás diferentes opinións.

5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.

Este criterio permite avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario técnico introducido e comprobar o nivel de precisión, exactitude e rigor no seu uso tanto oral como escrito.

6. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.

Poderase comprobar con este criterio o grao de funcionalidade e significatividade dos conceptos e teorías adquiridas así como o nivel de conciencia asumido acerca da utilidade dos saberes académicos.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Para superar a materia de Filosofía e cidadanía o alumnado debe amosar un dominio dos procedementos básicos recollidos como contidos comúns, isto é, tratamento e análise crítica da información pertinente para os problemas tratados, análises e comentario de textos filosóficos e doutro tipo, práctica da reflexión, debate e argumentación rigorosa e coherente mantendo actitudes respectuosas coas persoas discrepantes, ser quen de aplicar o aprendido á vida real e dominar conceptos e vocabulario filosófico de carácter básico, tanto na análise de textos coma nos debates e exposicións orais e escritas.

Asemade, o alumnado debe coñecer a información básica referida aos bloques temáticos nos que se estrutura esta materia: O ser humano: configuración e dimensións; o saber filosófico: sentido e finalidade; filosofía moral e política e Estado, cidadanía e democracia.

### **TEMPORALIZACIÓN**

O desenvolvemento da materia estará temporalmente organizado do seguinte xeito:

Os contidos comúns desenvolveranse ao longo de todo o curso e a través dos restantes bloques temáticos.

No primeiro trimestre traballarase sobre os bloques 2 e 3, comezando polo bloque 3 (O saber filosófico: sentido e finalidade) por coherencia co feito de que é o primeiro ano que o alumnado se enfronta á materia de filosofía.

No segundo trimestre abordarase o bloque 4 e no último trimestre o restante bloque 5.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

En cada trimestre realizarase unha proba ou exames onde se avaliarán os contidos, procedementos e lecturas obrigatorias. O feito de se decatar o profesor de un alumno ou alumna copia nun exame suporá o suspenso automático nese exame.

A proba referida a contidos terá sempre a mesma estrutura:

- análise de texto de carácter filosófico.
- resposta a preguntas breves en relación cos mesmos contidos, preguntas que amosarán a capacidade de reflexión a partir dos contidos e que serán do mesmo tipo que as actividades intelectuais.

Na corrección dese exame non só se terán en conta os contidos e procedementos utilizados no mesmo senón tamén a adecuada utilización da linguaxe, redacción, coherencia argumental e ortografía.

É un deber do alumnado a participación nas actividades de ensino-aprendizaxe propostas, de xeito que o seu traballo diario, tanto na clase coma en casa, e a súa actitude cara esta materia tamén será observado e avaliado.

### **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN**

O alumnado que estea cursando 1º de Bacharelato e que non supere as probas de Filosofía e cidadanía durante cada trimestre deberá facer un exame de recuperación despois de cada avaliación. Antes de rematar o curso haberá un exame final na que poderán volver a facer o exame da primeira avaliación e a segunda, e que servirá de única recuperación da terceira avaliación.

No caso de suspender en Junio, haberá un exame en setembro que será de toda a materia do curso, independentemente de que o/a alumno/a teña aprobada alguna avaliación.

### **RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Para o alumnado de 2º de Bacharelato coa materia de 1º pendente, o Departamento de Filosofía elaborará unhas actividades de repaso dos temas tratados que estarán a disposición do alumnado

no primeiro trimestre do curso e que deberán entregar feitas. Realizaranse 2 probas parciais, a primeira antes de finalizar o mes de xaneiro e a segunda antes de finalizar o mes de marzo. Con respecto ás lecturas o alumnado pendente deberá entregar un traballo sobre as mesmas, seguindo as indicacións e propostas do profesor e a súa cualificación formará parte da súa nota.

Finalmente haberá un último exame segundo as datas establecidas polas autoridades educativas.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

En cada trimestre realizarase un exame onde se avaliarán os contidos, procedementos e lecturas obrigatorias.

A proba referida a contidos terá sempre a mesma estrutura:

- análise de texto de carácter filosófico. Onde o alumnado deberá mostrar destreza nos rudimentos na análise de texto que ata ese momento se teñan traballado. No terceiro trimestre o alumnado deberá ser quen de expresar con claridade o tema do texto, a súa tese ou idea principal e de abordar a explicación da estrutura do mesmo referíndose aos conceptos que se propoñen.
- resposta a preguntas breves en relación cos mesmos contidos.
- resposta a algunha pregunta sobre o contido do libro de lectura ou ubicación e explicación dun anaco do mesmo dentro do total do libro. Ao se considerar obrigatoria a lectura dos libros antes indicados, de non responder as preguntas correspondentes no exame suporá a imposibilidade de superar a proba.

Nos exames do alumnado valorarase ademais dos contidos e a información, a presentación, expresión e coherencia de xeito que se penalizará con -0,25 a mala presentación, falta de marxe, faltas de ortografía (-0,25 cada dúas faltas), erros de coherencia e rigor.

É un deber do alumnado a participación nas actividades de ensino-aprendizaxe propostas. Devaluarase a nota final de avaliación dos alumnos/as que non presenten as actividades pedidas ou non participen nas actividades propostas con -0,25 puntos por actividade non realizada. Valorarase positivamente o interese e implicación nas tarefas, a participación e o esforzo diario realizado, o manexo e información doutras fontes diferentes do material do que se lles fornece e da capacidade para relación contidos da materia con diferentes aspectos da vida cotiá.

O alumnado debe traer e empregar o material propio de Filosofía e cidadanía, de xeito que a ausencia de material cualificarase negativamente.

## **PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS**

Na participación na aula así como nas probas escritas que realice o alumnado debe amosar unha asimilación dos contidos e procedementos a través do uso de información e conceptos filosóficos básicos xa traballados, a coherencia con temas xa vistos ou no dominio de



procedementos elementais referidos á análise e comprensión de textos que debe ir en progresión ao longo do curso con textos dunha dificultade crecente.

### **CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS**

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, a metodoloxía a empregar nesta materia deberá orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Non se establece ningún libro de texto obrigatorio. O profesor fornecerá ao alumnado de fotocopias, apuntes e fichas para desenvolver a materia onde figurarán os contidos conceptuais así como textos e actividades varias. Poden empregarse tamén como recursos didácticos artigos de xornal, fragmentos de películas, relatos, imaxes, etc.

### **PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS**

No desenvolvemento da materia introducíranse os temas transversais procurando enlazalos coa temática tratada. Filosofía e cidadanía é unha materia idónea para abordar os temas transversais xa que os seus bloques temáticos poden relacionarse facilmente con eles, en consecuencia, estes temas transversais terán un tratamento prioritario ao longo do curso.

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Tanto a metodoloxía como o material a empregar recollen a atención á diversidade, esta abordarse con materiais de diferentes graos de dificultade, atención o máis individualizada

posible ( o cal atopa o atranco da elevada ratio de alumnado por grupo) e un seguimento constante do progreso ou dificultades de cada alumno ou alumna.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Non están previstas actividades extraescolares neste momento, no caso de facelas, quedará constancia delas na Memoria do Departamento.

# **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

**2º BACHARELATO**

## **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A materia de Historia da Filosofía impártese como materia común no 2º curso do Bacharelato cunha carga lectiva de 3 horas semanais. No presente curso académico haberá 5 grupos das modalidades Artístico, Ciencias sociais e Humanidades e Científico-tecnolóxico e será impartida en todos eles pola profesora Sonia Soto.

A materia de Historia da filosofía volta á reflexión iniciada polo alumnado coa Filosofía e cidadanía de 1º de Bacharelato, dotándoa dun carácter sistemático e diacrónico. A estreita relación entre estas materias do bacharelato debe manifestarse, tanto na organización docente dos contidos como na actividade reflexiva desenvolvida por cada estudante, que deberá retomar os conceptos e procedementos iniciados no curso anterior e afondar neles. O que a historia da filosofía lle achega ao alumnado é unha construción diacrónica dos principios momentos e autores do pensamento filosófico que servirá, por unha banda, como exemplo de solución a problemas filosóficos e, pola outra, como condicionantes pasados de conceptos e problemas vixentes no día de hoxe.

Hai certos problemas constantes ao longo da historia da filosofía, como a relación entre realidade e aparencia, coñecemento e opinión, o individuo e a sociedade, o problema da liberdade e autorrealización humana, a orixe dos valores morais, a lexitimidade do poder político ou o dominio técnico da natureza, así como a pregunta pola función existencial do ser humano e a súa felicidade. A reflexión filosófica segue abordando eses problemas na actualidade baixo formulacións como o papel dos medios de comunicación na sociedade, o estatuto da realidade virtual, a relación entre mente e cerebro, entre ciencia e interese, a confrontación entre felicidade e xustiza, positivismo e iusnaturalismo, multiculturalismo e interculturalismo, liberalismo e comunitarismo, a desigualdade de xénero, a nova organización do traballo, a bioética, etc. A Historia da filosofía formúlase como un retorno da presentación actual deses problemas, xa anticipados en Filosofía e cidadanía, ás formulacións máis relevantes que adquiriron no pasado e que lles serven de punto de partida. Esta materia faille patente ao alumnado, polo tanto, o carácter aberto e progresivo da investigación filosófica.

Os contidos da Historia da filosofía están secuenciados en catro grandes etapas históricas: antiga, medieval e renacentista, moderna e contemporánea. En cada unha delas serán abordados unha serie de autores e correntes especialmente significativas, seleccionando os temas máis importantes na súa obra de cara a ter unha visión completa da historia da filosofía. A temporalización por períodos obedece á necesidade de contextualizar a cada autor e cada tema nun momento histórico determinado, cuns condicionantes sociais, económicos, políticos e culturais que lle dan sentido e serven de medida da súa relevancia. O coñecemento da filosofía vai, pois, da man do coñecemento da sociedade e da historia. As ideas filosoficamente relevantes non son opinións casuais, senón que aparecen para formular claramente e dar algún

tipo de solución aos problemas teóricos e prácticos que se lles presentaron a seres humanos concretos.

Esta contextualización por períodos non vai en detrimento da unidade que percorre toda a historia da filosofía, pois ao tempo que cada autor é interlocutor do seu contexto, realiza tamén un diálogo con outros autores pasados e futuros que se enfrontaron a problemas similares e en relación cos cales manifesta a súa débeda ou a súa crítica. A obra escrita dos distintos filósofos cobra unha importancia fundamental, pois é a fonte para coñecer o seu pensamento e tamén para trazar a liña que relacione uns autores con outros. O traballo con textos cobra, polo tanto, unha grande importancia nesta materia. A importancia dos textos, con todo, non debe desviarnos da finalidade prioritaria, que non é un coñecemento exhaustivo dalgúns autores, senón un percorrido introdutorio e completo que vaia dos gregos até os nosos días e que serva ao alumnado, non só para coñecer formas de pensar presentes na historia polo seu valor intrínseco, senón tamén para avaliar a influencia destas na xestación do noso presente e para exercitar a reflexión crítica. A práctica da análise das opinións dos distintos autores en relación co seu contexto e comparándoos uns con outros fornece o alumnado dun sentido crítico que lle permite, non só constatar a historicidade de certas crenzas e valores, senón tamén cuestionar ou fundamentar con criterio as crenzas e valores presentes na actualidade, tanto no seu contorno próximo coma nos medios de comunicación. A historia da filosofía pretende, deste modo, contribuír ao progreso na comprensión da realidade e na orientación da acción individual e colectiva.

A materia preséntase en cinco bloques. O primeiro é de contidos comúns. O segundo, Filosofía antiga, pretende ofrecer unha comprensión global da orixe do pensamento filosófico, así como a súa evolución na antiga Grecia. Prestaráselle unha atención especial a Platón e Aristóteles, xa que achegaron gran cantidade de conceptos e formularon moitos dos problemas que serán retomados no pensamento posterior. O terceiro bloque, Filosofía medieval e renacentista, detense no estudo do encontro entre a herdanza da filosofía grega e a nova doutrina achegada polo cristianismo, así como dos problemas derivados da necesidade de harmonizalas. Séguese coas achegas do período renacentista, que serven de transición á filosofía moderna: o xurdimento da ciencia tal como é entendida hoxe e a reflexión política centrada no Estado como realidade emerxente. O cuarto bloque, Filosofía moderna, toma como tema central deste período o novo concepto de racionalidade que xorde nos séculos XVI e XVII, enfocado na figura do suxeito de coñecemento e de acción autónoma. As correntes filosóficas do racionalismo e do empirismo son tratadas en contraposición, analizando as súas propostas epistemolóxicas e de fundamentación da moral e da convivencia. Finalmente, a figura de Kant como síntese e cumio da filosofía moderna nas súas pretensións teóricas e prácticas.

Como quinto bloque, Filosofía contemporánea, trátanse nun principio as propostas dos dous grandes pensadores do século XIX, que fan unha crítica, desde perspectivas diferentes, das

achegas do pensamento moderno, para seguidamente chegar unha visión panorámica das correntes do século XX e das súas propostas e intentos de solución para os problemas do presente. Finalmente, realízase unha mención á filosofía realizada en España neste período.

## **OBXECTIVOS**

O ensino da Historia da filosofía no bacharelato ten como finalidade desenvolver as seguintes capacidades no alumnado:

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

## **CONTIDOS**

En función do establecido no Decreto 126/2008, prográmanse os contidos que se desenvolven en cada unha das unidades didácticas no seguinte apartado, de xeito xeral, os seguintes contidos:

### **De carácter xeral:**

-Busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.

-Análise e comentario de textos filosóficos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.

-Presenza das autoras e autores nas diferentes etapas.

-Exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.

-Participación en debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.

### **De carácter específico:**

#### **Filosofía antiga:**

##### **-As orixes da filosofía.**

\* O paso do mito ao logos.

\* Os primeiros intentos de explicación racional: os presocráticos.

##### **-Sócrates e Platón.**

\* A ilustración ateniense: os sofistas e Sócrates.

\* Realidade e coñecemento desde a teoría das ideas.

\* O ser humano e a sociedade.

##### **-Aristóteles.**

\* A teoría da natureza.

\* A ética e a política.

-Período helenístico e as escolas helenísticas.

#### **Filosofía medieval e renacentista:**

##### **-O contacto entre filosofía e relixión cristiá: Santo Agostiño de Hipona e San Tomé de Aquino.**

\* A relación entre razón e fe.

\* A lei natural.

##### **-O Humanismo e o renacemento como tránsito á modernidade.**

\* A revolución científica.

\* A xénese do Estado moderno.

#### **Filosofía moderna:**

##### **-O racionalismo e o empirismo: Descartes, Locke e Hume.**

\* Descartes: a evidencia do eu como criterio de certeza e punto de partida dun sistema dedutivo do saber.

\* A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en Hume.

\* Locke e a teoría do contrato social.

**-A ilustración: o idealismo transcendental de Kant.**

\* A crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo.

\* O formalismo moral.

**Filosofía contemporánea:**

**-Marx: a crítica do capitalismo.**

\* Crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación.

\* O materialismo histórico.

**-Nietzsche: a crise da razón ilustrada.**

\* A crítica dos valores da cultura occidental: o nihilismo.

\* A vontade de poder e o superhome.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes. Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns neutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.

2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.

3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente. Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.

4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.



Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.

5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas

na actualidade. Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles – nomeadamente con outros de diferente autoría- e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínente e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas. Trátase con este criterio de avaliar a capacidade

de esforzo do alumnado, así como o seu progreso na autoorganización da aprendizaxe, formulando pequenas metas de investigación e percorrendo o camiño para acadalas seguindo pautas establecidas de antemán. Tamén se avalía con este criterio a capacidade de integrar información diversa nunca síntese reflexiva.

7. Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para asimilar os contidos da materia e relacionalos con problemas de actualidade, de expoñer a súa opinión razoadamente e respectar outras opinións facendo as eventuais críticas a estas de modo fundamentado.

8. Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas. Con este criterio búscase avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario filosófico introducido en cada período, autoras e autores, e comprobar o nivel de pertinencia, exactitude e rigor no seu uso, tanto oral coma escrito.

## **DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA**

### **Tema 1: Platón.**

#### 1.1. Marco histórico e conceptual:

-A formación da Polis grega.

-A filosofía presocrática: Heráclito, Parménides e Anaxágoras.

-Os sofistas e Sócrates.

#### 1.2. Comprensión temática:

-Teoría platónica das ideas:

▶ O mundo sensible e o mundo intelixible.

- ▶ Os graos do coñecemento.
- 1.3. Política.
  - ▶ Antropoloxía.
  - ▶ Relación platónica entre alma e cidade.

## **Tema 2: Aristóteles.**

- 2.1. Marco histórico e conceptual:
  - Crítica á doutrina platónica.
  - O proceso de abstracción fronte á dialéctica platónica.
  - Tránsito cara o helenismo.
- 2.2. Comprensión temática:
  - Teoría hilemórfica no seo da Phycis.
    - ▶ Kínesis/cambio: os principios do cambio.
    - ▶ Teoría causal.
    - ▶ Xerarquía de seres. Os modos de Ser.
    - ▶ O motor inmóbil.
  - A idea de cidadán en Aristóteles.
    - ▶ Ética: ethos, praxis e areté.
    - ▶ Polis e concepto de cidadán en Aristóteles.

## **Tema 3: Filosofía Medieval.**

- 3.1. Marco histórico e conceptual:
  - Santo Agostiño de Hipona.
    - ▶ O Helenismo: Filosofía e Cristianismo.
    - ▶ Novas ideas fronte ao mundo grego.
  - Santo Tomé de Aquino.
    - ▶ A Escolástica e o nacemento das Universidades.
    - ▶ A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino.
- 3.2. Comprensión temática:
  - O problema entre a razón e a fe en Santo Agostiño e Santo Tomé.
    - ▶ Lei divina, lei natural e lei positiva en Santo Tomé.

## **Tema 4: Filosofía Moderna.**

- 4.1. Marco histórico e conceptual:
  - Renacemento e Reforma.
  - Vinculación entre o Empirismo e o Racionalismo coa revolución científica.
- 4.2. Comprensión temática:
  - O problema do método. Idea de Substancia en Descartes. Problema da veracidade divina.
  - Fenomenismo e causalidade en Hume.
  - Locke e o “estado natural” como base do Estado burgués. O contrato social.

## **Tema 5: Kant.**

- 5.1. Marco histórico e conceptual:
  - Factores políticos, sociais e culturais que no S.XVIII levaron á Ilustración.
  - Novas ideas: progreso, educación, humanidade, civilización, natureza.
  - Características da razón ilustrada.
- 5.2. Comprensión temática:
  - Idea kantiá de Ilustración.
  - Síntese entre Racionalismo e Empirismo.
  - O Formalismo moral.

## **Tema 6: Marx.**

- 6.1. Marco histórico e conceptual:
  - Influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da economía política.

- A Revolución Industrial e o movementu obreiro.
- O nacemento das Ciencias sociais.
- 6.2. Comprensión temática:
- O concepto de alienación.
- Análise do concepto de mercadería e do concepto de plusvalor.
- O Materialismo histórico.

### **Tema 7: Nietzsche.**

- 7.1. Marco histórico e conceptual:
- O novo marco científico: evolucionismo e positivismo.
- A herdanza da Ilustración.
- 7.2. Comprensión temática:
- O método xenealóxico.
- A crítica á cultura occidental: o nihilismo.
- A vontade de poder e o Superhome.

### **CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Ao finalizar o curso o alumnado deberá acadar un coñecemento que lle permita redactar una explicación clara dos seguintes conceptos e teorías:

- Esquema das principais correntes e pensadores da Filosofía grega.
- Principais aportacións da Filosofía presocrática en especial respecto do problema da natureza.
- Características xerais do pensamento sofista, en especial respecto do convencionalismo moral.
- O método socrático e o intelectualismo ético.
- A Teoría das Ideas de Platón.
- As teorías platónica e aristotélica do coñecemento.
- O dualismo antropolóxico en Platón e as diferentes partes ou funcións da alma.
- A teoría da natureza de Platón e de Aristóteles.
- A ética platónica e aristotélica.
- A concepción política de Platón e de Aristóteles.

A explicación aristotélica do cambio: conceptos de acto-potencia, materia e forma, substancia-accidentes, teoría das causas e motor inmóbil.

- A antropoloxía de Aristóteles: o hilemorfismo aplicado ó ser humano.
- A teoría do coñecemento de Agustín de Hipona.
- O problema de mal en Agustín e Tomás de Aquino.
- O aristotelismo en Tomás de Aquino.
- O problema da Fe e a Razón o longo do pensamento medieval.
- As demostracións da existencia de Deus de Tomás de Aquino.
- As nocións de lei natural, lei eterna e lei positiva.
- O problema do coñecemento no racionalismo e no empirismo. As regras do método de Descartes.
- A Dúbida metódica cartesiana e a primeira verdade: o cogito.

- Demostracións de la existencia de Deus de Descartes e funcións que cumpre Deus no seu sistema.
- A teoría política de Locke: Orixe da Sociedade, contractualismo e teoría da propiedade no Liberalismo político.
- Kant como punto de encontro entre Racionalismo e Empirismo.
- O problema da Metafísica en Kant.
- A Crítica da Razón pura: os xuízos, as formas a priori da sensibilidade, as categorías do entendemento, fenómeno e nóumeno, ideas de razón.
- A Ética kantiana: os imperativos, éticas materiais e éticas formais, autonomía e heteronomía, postulados da razón práctica.
- A filosofía económica de Marx.
- A teoría da alienación.
- O materialismo histórico.
- O materialismo dialéctico.
- O Vitalismo de Nietzsche.
- A crítica de Nietzsche á metafísica e á moral occidental.
- O nihilismo e a transmutación dos valores.
- A vontade de poder.
- O apolíneo e o dionisiaco.
- O superhome.
- A teoría do eterno retorno.

## **TEMPORALIZACIÓN**

**1ª Avaliación (setembro-dembro):** Temas 1, 2 e 3.

**2ª Avaliación (xaneiro-marzo):** Temas 4 e 5.

**3ª Avaliación (abril-maio):** Temas 6 e 7.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Á hora de avaliar ao alumnado, imos seguir unha serie de parámetros diferenciados:

- a. Competencias comprensivas desenvolvidas nas distintas probas escritas que fagan ao longo de todo o curso, e que sempre van respectar a estrutura das probas das PAAU.
- b. Competencias léxicas e argumentais traballadas nos distintos exercicios obrigatorios.
- c. Competencias actitudinais amosadas ao logo do curso, con especial fincapé na interacción positiva, o diálogo aberto e o respecto ante a opinión do outro coma motor da materia.

Estes parámetros deberán respectar sempre os seguintes indicativos:

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes. Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas

estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns neutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.

2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.

3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente. Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.

4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.

Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.

5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade. Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles – nomeadamente con outros de diferente autoría- e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínente e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.

## **PROCEDEMENTOS E ACTITUDES**

-Análise dos conceptos, das relacións lóxicas e dos problemas filosóficos que aparecen nos textos dos filósofos estudados.

-Interpretación do contido dos textos filosóficos seleccionados, relacionándoos co seu contexto teórico e social.

- Recoñecemento dos elementos conceptuais de carácter excluínte presentes, de forma implícita ou explícita, no discurso filosófico dos pensadores antigos.
- Aprecio polo valor que as reflexións filosóficas do pasado teñen para a comprensión do presente.
- Interese e gusto pola lectura de obras de filosofía.
- Confección de cronoloxías e de esquemas conceptuais que permitan localizar e relacionar tanto autores coma posturas ou sistemas filosóficos.
- Establecemento de relacións entre os problemas e sistemas filosóficos elaborados polos autores da época e as condicións sociais e culturais que os enmarcan
- Aprecio polo traballo intelectual e sensibilidade polo rigor necesario nas súas distintas fases.
- Interese pola perspectiva histórica como forma de acceso aos problemas e ás concepcións do presente.
- Tolerancia e respecto polas distintas cosmovisións e formas ideolóxicas.
- Comentario aberto de textos filosóficos dos autores estudados, que inclúa unha valoración persoal argumentada.
- Identificación e comparación de distintas posturas filosóficas e diferentes épocas referidas a un mesmo problema filosófico.
- Actitude crítica ante os contidos ideolóxicos que subxacen en obras filosóficas e perante os temas que denoten algunha discriminación.
- Interese e curiosidade pola lectura de obras e textos filosóficos, utilizando criterios propios de selección e de valoración.
- Realización de composicións filosóficas.
- Planificación e realización de sesións de discusión sobre algún problema filosófico do presente.

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Se o alumnado é quen de chegar a un 5 sumando todos os apartados que se especifican nos instrumentos de avaliación, terá superado a materia. Asimesmo, e atendendo á orde do 28 de xullo de 2009, todos aquelas alumnos e alumnas que estean a repetir curso cun máximo de catro materias suspensas non terán que cursar a materia de filosofía no caso de tela aprobada no curso anterior, manténdoseles a nota obtida durante dito curso.

### **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

As orientacións metodolóxicas propostas apuntan á potenciación e consolidación de certas competencias promovidas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas pola profesora desta materia deberán orientarse a:

-Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.

-Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información pertinente para os temas tratados.

-Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.

-Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de composicións escritas e de exposicións orais en relación cos temas tratados onde integren información procedente de distintas fontes.

-Propiciar o traballo en grupo para desenvolver investigacións, debates e outras tarefas en colaboración.

-Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.

## **METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS**

Ao comezo dun novo tema o profesor vai seguir sempre a mesma metodoloxía didáctica, para deste xeito dotar de coherencia e harmonía o desenvolvemento do curso. Esta vai consistir nos seguintes puntos:

**Entrega do tema e dos textos fotocopiados.** Nese material o alumnado terá detallados os contidos teóricos a traballar así como propostas de distintos exercicios que van ter que facer, especialmente cos textos dos autores estudados.

**Explicación do material,** deténdonos sempre que sexa preciso para aclarar conceptos, solucionar dúbidas e, de ser preciso, introducir os hipotéticos debates transversais que vaian xurdindo.

**Traballo do alumnado,** que servirá para comprobar o grao de comprensión do explicado.

## **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos de avaliación van ser os seguintes:

**1. Probas Escritas:** realizaranse unha proba por cada ficha traballada ao longo do curso.

**2. Exercicios e traballo diario do alumnado en clase e en casa:** versarán sobre algún dos temas tratados e poderán consistir na realización de esquemas sintéticos; composición de texto; análise crítica dun texto; realización dunha caixa de ferramentas conceptual; realización dunha comparativa conceptual entre autores, etc

**3. Actitude:** a motivación, participación e interese mostrado na aula. O alumnado está obrigado a ter o material fornecido pola profesora na clase.

### **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN**

As probas non superadas polo alumnado serán recuperadas a través dunha nova proba a realizar despois de cada avaliación que versará sobre os mesmos contidos. O profesorado do Departamento está ao dispor do alumnado para solucionar calquera cuestión ou dúbida que poidar ter e que lles facilite a superación da materia non aprobada. No mes de maio terá lugar unha última proba de recuperación final que deberán realizar aqueles alumnos/as que non superasen unha ou dúas avaliacións despois de feitas as recuperacións pertinentes ao longo do curso. O alumnado que chegue a este punto do curso coas tres avaliacións suspensas debe presentarse á convocatoria de setembro para superar esta materia.

### **TEMAS TRANSVERSAIS**

Para o presente curso non se contempla unha colaboración estreita co plan de acción tutorial dado que, a partires de 1º de Bacharelato, non se conta cunha hora presencial de tutoría á semana, algo que si acontecía nos cursos da ESO. Malia todo, o Departamento de filosofía está en permanente contacto co departamento de orientación para artellar a posibilidade dun traballo transversal.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Dada a extensión do programa a impartir e o feito de que se debe preparar ao alumnado para a proba de selectividade que acurta o tempo lectivo do curso até o mes de maio, o Departamento non ten programadas actividades complementarias para 2º de Bacharelato.



